



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Resolución alegacións orzamento»
Data	1 de marzo de 2023
Duración	Desde as 9:00 ata as 9:25 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	NON
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ





Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Angel Seoane Lamela: «Motivos laborais» 1. Monica Vázquez Lago: «Motivos laborais»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 15/2023. Elaboración e Aprobación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

<< ASUNTO : APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO ANO 2023. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO OZAMENTO XERAL DO ANO 2023.

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2022.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz e acta da mesa de negociación de data 17/01/2023.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2023.

Considerando que durante o período de exposición ao público (anuncio no BOP nº23 de 28 de xaneiro de 2023) se presentaron reclamacións,





Concello de Guitiriz

Visto o informe da intervención as reclamacións presentadas, que serve de base e motivación a presente proposta de alcaldía.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, e coas abstencións do BNG e PP, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Desestimar as reclamacións presentadas, segundo o informe de intervención, por:

- a) Dona Rebeca Tena Abuín, veciña de Guitiriz, que alega sobre que os ingresos están afastados da realidade e non teñen en conta circunstancias obxectivas do Concello de Guitiriz para o ano 2023.
- b) Don Roberto Fernández Buján, veciño de Guitiriz, que alega sobre a eliminación do concepto de ingresos da operación de préstamo e a eliminación de aplicacións de gastos.

Segundo. Inadmitir a alegación presentada por Dona Guadalupe Prado Tomé, veciña de Guitiriz, que alega sobre a incorporación de determinadas aplicacións de gastos no orzamento do ano 2023, por non ser ningún dos supostos previsto no art.170 do texto refundido da Lei de facendas locais.

Terceiro. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Guitiriz para o exercicio económico 2022, que no seu estado de gastos e ingresos ascende á contía de 5.090.285,43 € segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	GASTOS	INGRESOS
1	2.658.560,07	1.293.000,00
2	1.570.225,00	75.000,00
3	4.000	679.258,82
4	110.363,15	2.350.600,00
5	20.000,00	0,00
6	577.811,06	0,00
7	136.826,15	403.412,53
8	12.500	12.500,00
9	0,00	276.514,08
TOTAL	5.090.285,43	5.090.285,43

Cuarto. Notificar este acordo a todas aquelas persoas que presentaron alegacións durante o período de exposición pública.

Quinto. Publicar o anuncio de aprobación definitiva no Boletín oficial da provincia, insertado o resume por capítulos.





Concello de Guitiriz

Sexto. Remitir copia á Administración do Estado así como, a Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que en canto a alegación número un, en relación a insuficiencia dos ingresos con relación aos gastos orzamentados debido a inflación artificial dos ingresos, o Partido Popular informouse dun posible desfase entre os ingresos previstos e os ingresos reais e dado que a Sra. Interventora vén de informar negativamente con respecto a este desfase imos a incidir en varios conceptos de partidas orzamentarias:

No concepto 39120 "multas por infracción a ordenanza de tráfico", a alcaldía estima para o ano 2023 unha recaudación en multas de tráfico de 8.500 euros e a media anual dos últimos catro anos é de 5.800 euros polo que este ano o concello ten previsto recadar en multas de tráfico casi 3.000 euros máis que anos anteriores. Quizá esta previsión este relacionada coa eliminación das praza de aparcamento nas rúas con colocación de bolardos nas zonas de maior afluencia de persoas e tamén debido ao estado de abandono en que se atopa o aparcamento sito na Rúa Boa Veciña cheo de fochancas e lama que fai que este impracticable a maior parte do ano.

Con isto o que provocan é que as persoas cada vez teñen menos lugares donde estacionar os vehículos e que se vexan obrigados a deixalos mal aparcados e así o concello aproveita para recadar mais cartos.

No concepto 33503 "taxas por ocupación de terrazas", nos últimos anos o concello de Guitiriz como medida de apoio a hostalaría, polas perdas ocasionadas polo Covid, mantivo exento de pago destas taxas a todos os establecementos. Vemos que este ano o concello ten prevista unha recadación de 4.000 euros por este concepto, sumando os núcleos de Guitiriz e Parga solo existen cinco ou seis negocios que teñan instalada terrazas na vía pública xa que o resto a teñen en terreo privado e están exentos do pago da taxa e si como defende esta alcaldía os orzamentos non están inflados xa saben estos hostaleiros que entre todos van ter que pagar 4.000 euros pero veremos cantos deles poden seguir manténdoa.

Na partida 34 atopamos recollidos os ingresos públicos polo uso da pista de padel, piscina municipal en verán e escolas deportivas. A previsión de ingresos nesta partida para o ano 2022 é de 56.300 euros para este ano a previsión elevase a 91.300, e dicir, 35.000 euros mais que o ano anterior. Destes 35.000 euros mais, 15.000 corresponden ao uso da pista de padel na que sigue sin existir duchas e aseos e 3.000 euros do punto de recarga de vehículos eléctricos, descontados os supostos ingresos por eses dous conceptos restan 17.000 euros que pretenden recadar con cargo a piscina municipal e as escolas deportivas, veremos cantos veciños/as optan por ir a concellos limítrofes a piscina que contan con mellores instalacións e o seu uso é mais barato que Guitiriz.

O voceiro do BNG di que como xa comentou no pleno anterior de xaneiro a cantidade que se orzamenta non importa moito o que realmente importa é a situación do noso concello.

Ata o de agora o orzamento de Guitiriz estivo entre tres millóns de euros e os cinco





Concello de Guitiriz

que propoñen para este ano 2023 pero segundo vostedes Guitiriz ten moito mais, e é verdade, o novo PP de Guitiriz estanos dicindo que no ano 2022 e grazas a eles dende a Xunta viñeron case 5,3 millóns de euros e os do PSOE empregan a mesma práctica, tal como se reflicte na prensa mediante a información facilitada pola Deputación de Lugo.

Entre o que di o PP, a Deputación de Lugo e o que orzamenta o concello pasamos dos 15 millóns de euros.

O problema é que Guitiriz non mellora ou a caso temos máis e mellores servizos públicos que fai 10 anos? Non, temos os mesmos ou peores.

Temos mellores instalacións deportivas? Non, temos as mesmas ou peores.

Temos mais e mellores comunicacións o vivenda pública? As mesmas ou menos.

O que si podemos afirmar e que por moito que se presuposte si non hai ideas, traballo e actitude por parte dos que gobernan isto non vai a mellor.

Con respecto as alegacións non nos corresponde a nós cualificalas, hai un informe ben definido e explicado pola Sra. Interventora polo que o BNG non vai profundizar máis no tema.

A Sra. Alcadesa di que cre recordar que tanto o PP como o BNG pediron que por seguridade vial se puxeran bolardos diante dos pasos de peóns que ten a estrada nacional no concello e como a competencia da vía e do Estado este concello dirixiuse ao Ministerio correspondente, trasladando a petición que fixeron ambos grupos políticos nun pleno, e foi o Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana quen instalou os bolardos, en conclusión non foi este equipo de goberno quen colocou os bolardos para sacar aparcamentos como vostede di senón para mellora a seguridade vial.

Recordarlle tamén que o presuposto é unha estimación de ingresos en función do desenvolvemento do presuposto do ano anterior.

O voceiro do PP di que hai outras formas de protexer aos peóns distinta dos bolardos como por exemplo aumentando a beirarrúa nas proximidades dos pasos de peóns.

En canto a alegación número dous, solicítase a eliminación do préstamo bancario por valor de 276.514 cun ano de carencia de amortización e segundo consta no informe de intervención hai unha serie de gastos comprometidos polo concello para o ano 2023 que se corresponde coa aportación económica que hai que realizar a Confederación Hidrográfica para inversión dun punto limpo, obra Centro de Día, PAI e mellora de camiños, por todos estes conceptos o concello debe aportar un total de 276.514 euros xustamente a cantidade pola que se vai pedir un crédito a unha entidade bancaria.

Cabe recordar que todos os anos a Deputación colabora cos concellos a través do Plan Único, un plan que ten por obxecto obras e subministros de competencia municipal, este ano o Concello de Guitiriz ten aprobada unha subvención de 403.412,53 euros polo que, de terse solicitada de maneira axeitada esta subvención, podería usarse para facer fronte as inversións citadas anteriormente e desta maneira non ter que pedir un crédito bancario e quedarían 127.000 euros para ser empregado en outras obras como reparación e pintado de vías municipais sin embargo vostede preferiu solicitar a subvención para arranxo de camiños e estradas, esos camiños e estradas que durante os últimos catro anos tivo totalmente abandonados.

Queremos indicar que dende hai un ano ata o de agora o euribor pasou de valores





Concello de Guitiriz

negativos a atoparse por enriba do 3,5% e con previsión de continuar a alza, polo que a calquera persoa que teña un mínimo de coñecemento en economía non se lle ocorrería solicitar un crédito dese importe cos actuais tipos de interese e valores máximos.

Por todo isto consideramos que estas alegacións deberían ser estimadas e retirar do orzamento o crédito bancario que se pretende formalizar.

En canto a alegación número tres, reclamación dunha partida de gastos para desinfección e limpeza de contenedores e pintado e mantemento de pasos de peóns, esta non foi admitida ao considerar a Sra. Alcaldesa que estes problemas de saúde pública e seguridade viaria non son unha obriga municipal, agora entendemos porque están as rúas todas porcas e porque trasladan os contenedores que están colocados de un sitio a outro, polo cheiro que dan, e debido as múltiples queixas dos veciños e comerciantes da vila.

Recordarlle que no artigo 25 e 26 da Lei de Bases de Réxime Local veñen recollidas as competencias propias dos municipios, que no caso de Guitiriz polo seu numero de habitantes, recolle a recollida de residuos e o servizo de limpeza viaria e ademais da obriga legal de sinalizar e pavimentar as vías públicas de titularidade municipal.

A Sra. Alcaldesa di que eles cren que son uns orzamentos adecuados e intentaremos levalos a cabo.

Aclara o voceiro do PP que eles están a favor das alegacións presentadas pero en contra dos orzamentos.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, e abstencións do PP e BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos





Concello de Guitiriz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: A4RW9EMNFI6GFRJY2M6S4CSL
Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

